

DECRETO DA ALCALDIA 71/2009

Antecedentes

- Visto que mediante Decreto da Alcaldía 957/08, de 18/12/2008 aprobouse o expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación das obras de **“SANEAMENTO E XOGOS INFANTÍS”**, correspondentes ao PAM-2008 por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.
- Visto que con data de 5/2/2009 constituíuse a Mesa de contratación e esta, tendo en conta os aspectos de negociación e o informe técnico incorporado ao efecto, realizou proposta de adxudicación a favor da empresa **“Construcciones Vale S.L”**
- Visto que con data 5/2/2008, a adxudicación provisional foi publicada no Perfil de Contratante do órgano de contratación.
- Visto que a adxudicación provisional notificouse ao adxudicatario, requiríndolle para que presentara a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e constituíra a garantía definitiva.
- Visto que con data de 19/2/2009, o adxudicatario constituíu garantía definitiva por importe de euros 3.771.20 € (tres mil setecentos setenta e un euros) e presentou os documentos xustificativos esixidos.
- Examinada a documentación que a acompaña, de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO:

Primeiro. Abocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

Segundo. Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras de **“SANEAMENTO E XOGOS INFANTÍS”** en favor da empresa Construcciones Vale S.L aprobada por Resolución da Alcaldía de data 5/2/2009 e publicada no Perfil de Contratante coa mesma data.

Terceiro. Notificar a adxudicación definitiva aos candidatos que non resultaron adxudicatarios e autorizar a devolución da garantía provisional por eles prestada.

Carto. Notificar a adxudicatario do contrato, a presente Resolución e requirirille para a sinatura do contrato.

Quinto Publicar a adxudicación definitiva do contrato no Perfil de contratante do Concello de Vilaboa.

Sexto. Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudo de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Director Facultativo das Obras e a súa posterior comunicación á autoridade laboral..

Vilaboa, 2 de marzo de 2009
O Alcalde

Jose Luis Poceiro Martínez